

**REUNIÓN DA COMISIÓN 5ª, SANIDADE,  
POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO**

Día: 22.10.2020      Hora: 10:30

A Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 22 de outubro de 2020, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

**Punto 1. Pregunta**

- 1.1 2499 (11/POC-000395)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio  
Sobre as listas de espera e tempos de resolución que hai por provincias, desde que se rexistran as solicitudes para o inicio dos expedientes de recoñecemento do grao de dependencia  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 23, do 30.09.2020*

**Punto 2. Propositions non de lei**

- 2.1 2031 (11/PNC-000195)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Prado Cores, María Montserrat e Carreira Pazos, Iria  
Sobre a realización por parte do Goberno galego das actuacións precisas para o restablecemento da atención sanitaria presencial nos consultorios médicos de Paradela, no concello de Meis, e de Vilaxoán, no concello de Vilagarcía de Arousa, así como da atención pediátrica no de Meis  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 19, do 22.09.2020*
- 2.2 2097 (11/PNC-000203)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina  
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego respecto da atención sanitaria prestada á veciñanza do concello de Meis durante os meses de verán  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 19, do 22.09.2020*
- 2.3 2153 (11/PNC-000213)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Rodil Fernández, Olalla e 3 máis  
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa decisión de centralizar no Centro de Saúde de Fingoi a asistencia sanitaria que se presta os sábados pola mañá no concello de Lugo

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 23, do 30.09.2020*

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 15 de outubro de 2020

María Corina Porro Martínez  
Presidenta da Comisión

# RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 5ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO

POR ORDE ALFABÉTICA

## Mesa

Presidenta

María Corina Porro Martínez

P

Vicepresidente

Miguel Ángel Tellado Filgueira

P

Secretaria

Iria Carreira Pazos

BNG

## Vogais

María Encarnación Amigo Díaz

P

Marina Ortega Otero

S

José Alberto Pazos Couñago

P

Noelia Pérez López

P

María Montserrat Prado Cores

BNG

Olalla Rodil Fernández

BNG

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez

P

María Elena Suárez Sarmiento

P

Julio Torrado Quintela

S

**Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 22.10.2020**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.      Pregunta

**Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 22.10.2020**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.1 2499(11/POC-000395)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre as listas de espera e tempos de resolución que hai por provincias, desde que se rexistran as solicitudes para o inicio dos expedientes de recoñecemento do grao de dependencia

*Publicación da iniciativa, 23, 30.09.2020*



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 24/09/2020 18:06:50  
**Nº Rexistro: 2499**  
Data envío: 24/09/2020 18:06:50.562

## Á Mesa do Parlamento

**Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

No ano 2006 o Goberno socialista crea a Lei de Promoción da Autonomía Persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, máis coñecida coma “Lei de Dependencia”. Trátase dunha lei que transforma unha realidade silenciada para dar solución aos coidados básicos da vida diaria en casos de persoas cunha dependencia.

Lamentablemente nos anos de goberno do Partido Popular no Estado, así coma nos últimos 11 anos na Xunta de Galicia, fixeron que esta lei sufrira recortes que a mudarían por completo.


Os prazos que a Lei establece son 3 meses para a resolución de grao e outros tres meses para a resolución do Programa Individual de Atención, ou o que é o mesmo 180 días como máximo.

En Galicia estamos lonxe de cumprir os prazos que por lei se establecen, polo que moitas persoas permanecen en agarda a que cheguen as súas resolucións sen percibir a libranza ou servizo que precisan e ao cal teñen dereito.

No últimos anos veuse incrementado a lista de agarda dun xeito preocupante, repercutindo negativamente no benestar e nos coidados básicos da vida diaria das persoas con dependencia en Galicia.

Ademais atopámonos inmersos nun momento complicado nun contexto da pandemia motivada pola Covid-19, que agravaba a situación moito máis se cabe. Persoas dependentes, das cales moitas continúan o confinamento nas súas casas, e outras moitas con graos III que xa o facían de xeito habitual debido as circunstancias.

Por todo elo é urxente que dende Galicia se aporten respostas e solucións a unha realidade silenciada, con recursos para atallar a situación coa maior celeridade posible.



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 24/09/2020 18:06:50**  
**Nº Rexistro: 2499**  
Data envío: 24/09/2020 18:06:50.562

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

Cales son as listas de agarda e tempos por provincias tendo en conta os expedientes dende que se rexistran para o inicio de expediente?

Pazo do Parlamento, 24 de setembro do 2020

Asdo.: Marina Ortega Otero

Julio Torrado Quintela

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Marina Ortega Otero na data 24/09/2020 18:02:45**

**Julio Torrado Quintela na data 24/09/2020 18:02:59**

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV REGISTRO 1411457a9  
Verificado  
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 22.10.2020**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.      Proposicións non de lei

**Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 22.10.2020**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.1 2031(11/PNC-000195)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e Carreira Pazos, Iria

Sobre a realización por parte do Goberno galego das actuacións precisas para o restablecemento da atención sanitaria presencial nos consultorios médicos de Paradela, no concello de Meis, e de Vilaxoán, no concello de Vilagarcía de Arousa, así como da atención pediátrica no de Meis

*Publicación da iniciativa, 19, 22.09.2020*



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 16/09/2020 18:16:25  
**Nº Rexistro: 2031**  
Data envío: 16/09/2020 18:16:25.639

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Montserrat Prado Cores** e **Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, relativa ao peche dos consultorios de Paradela, en Meis, e Vilaxoán en Vilagarcía.

### Exposición de motivos

Tras o inicio da pandemia orixinada pola COVID-19 o Sergas tomou a decisión de pechar centros de saúde, e de xeito especial os consultorios. O motivo alegado foi que nestes centros era difícil poñer en práctica as medidas de protección para evitar o contaxio polo virus tanto de profesionais como de doentes, en especial a imposibilidade de establecer circuitos diferenciados para persoas con patoloxías habituais e as respiratorias.

Esta medida foille aplicada aos consultorios de Paradela no concello de Meis e ao de Vilaxoán en Vilagarcía. Que a día de hoxe seguen pechados.

Deste xeito desde que se decretou o estado de alarma, a atención das máis de 1.100 persoas que estaban adscritas ao consultorio de Paradela pasaron a ser atendidas só telefonicamente, cando precisan ser atendidas presencialmente teñen que desprazarse a Cambados. A enfermeira que había neste centro, trasladárona ao centro de saúde da Rochela (Mosteiro).

CSM-REXISTRO67HHISWMe5  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE NACIONALISTA  
GALEGO  
OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 16/09/2020 18:16:25**  
**Nº Rexistro: 2031**  
Data envío: 16/09/2020 18:16:25.639

A isto hai que engadir que x facultativx que atende en San Martiño tamén con arredor de 1.100 cartillas non é substituído durante as súas vacacións. O resultado é que actualmente o médico da Rochela (Mosteiro) ten que atender a 2.800 cartillas, as propias e aos de San Martiño. Sobrecarga asistencial para uns e desprazamentos de quilómetros outros é a situación sanitaria no concello de Meis.

De igual xeito acontece co consultorio de Vilaxoán, onde 1.700 xs veciñxs pasaron de ter atención sanitaria próxima a ter que desprazar ao centro de saúde de Vilagarcía de Arousa ben en autobús ou en taxi, o que supón en primeiro lugar un gasto económico para os usuarios e usuarias, ou ben depender doutras persoas para o seu traslado e ser atendidxs nun centro tamén con sobrecarga de traballo.

O BNG súmase á preocupación da veciñanza ao ver como pasan os meses e o que se podía entender como unha medida de urxencia, todo indica que o Sergas quere convertela en definitiva ,toda vez, que non ofrece alternativas, nin acepta as que se ofrecen como no caso do concello de Meis de realizar obras para crear o dobre circuíto. Todo indica que queren consolidar a estratexia de pechalos que xa tentaron noutras ocasión e só a presión dxs veciñxs conseguiu paralizar.

Polas razóns expostas, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a que realice as actuacións precisas para reactivar a atención sanitaria presencial nos consultorios de Paradela en Meis e de Vilaxoán en Vilagarcía, así como a atención pediátrica en Meis.”





BLOQUE NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**

**Data asento: 16/09/2020 18:16:25**

**Nº Rexistro: 2031**

Data envío: 16/09/2020 18:16:25.639

Santiago de Compostela, 16 de setembro de 2020

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

**Iria Carreira Pazos**

Deputadas do G.P. do BNG

**Olalla Rodil Fernández**

Viceportavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 16/09/2020 18:12:11**

**Iria Carreira Pazos na data 16/09/2020 18:12:22**

**Olalla Rodil Fernández na data 16/09/2020 18:12:34**



CSV REXISTRO:RON7HHSWWe5

Verificado

<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

**Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 22.10.2020**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.2 2097(11/PNC-000203)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego respecto da atención sanitaria prestada á veciñanza do concello de Meis durante os meses de verán

*Publicación da iniciativa, 19, 22.09.2020*



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 17/09/2020 13:43:04  
**Nº Rexistro: 2097**  
Data envío: 17/09/2020 13:43:04.682

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

### Exposición de motivos

A atención sanitaria en O Salnés vén sendo especialmente abandonada pola actual Consellería de Sanidade, que vén prexudicando especialmente a esta comarca, sen coberturas de profesionais e con parálise na necesidade de construción de novos centros de saúde necesarios. Estes erros repercuten de maneira global en todos os concellos, pois a atención abandonada nun deles repercute na saturación dos centros de saúde máis próximos, e especialmente nos PAC.

Esta política de desatención nótase de feito especial no Concello de Meis. A atención sanitaria de Meis ofrécese en puntos dispersos no territorio do concello, que distribúen o servizo e a asistencia de maneira repartida. Durante este verán os veciños e veciñas veñen sufrindo a política de recortes aplicada polo goberno de Núñez Feijoo, pola que non se substituíron os e as profesionais de vacacións e perdeuse o servizo de pediatría.

Esta situación provocou unha intensa mobilización cidadá na localidade, e a constitución de colectivos en defensa da sanidade pública que reivindicaban unha maior e mellor atención, eficiente e coa cobertura de persoal durante todo o ano. A pesares disto, o caso recibido pola Xunta de Galicia segue a ser nulo. A percepción está en que a persoa que atende a especialidade de pediatría non o fai na localidade de Meis, véndose os nenos e nenas forzados a acudir ao xa saturado centro de saúde de Baltar (Sanxenxo). O centro de saúde de Mosteiro, ademais, está atendido este mes de setembro por un so profesional, con demasiada carga asistencial para poder dar resposta a todas as peticións. Isto súmase a que o centro de Paradela está sen atención sanitaria durante este verán, que segue sen ser resposta.





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 17/09/2020 13:43:04**  
**Nº Rexistro: 2097**  
Data envío: 17/09/2020 13:43:04.682

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Garantir a mellor calidade de atención sanitaria a veciños e veciñas de Meis nos seus propios puntos de asistencia e cos profesionais axeitados para elo.
2. Solicitar unha xuntanza co Goberno municipal de Meis para ofrecer as explicacións necesarias sobre as decisións tomadas sobre os/as profesionais de Meis e a non substitución durante os pasados meses.

Pazo do Parlamento, 17 de setembro do 2020

Asdo.: Julio Torrado Quintela  
Marina Ortega Otero  
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Míguez  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 17/09/2020 13:40:12**

**Marina Ortega Otero na data 17/09/2020 13:40:19**

**Gonzalo Caballero Míguez na data 17/09/2020 13:40:29**



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



**Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 22.10.2020**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.3 2153(11/PNC-000213)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa decisión de centralizar no Centro de Saúde de Fingoi a asistencia sanitaria que se presta os sábados pola mañá no concello de Lugo

*Publicación da iniciativa, 23, 30.09.2020*



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 18/09/2020 10:29:24  
**Nº Rexistro: 2153**  
Data envío: 18/09/2020 10:29:24.316

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Olalla Rodil Fernández, Carmen Aira Díaz, Montserrat Prado Cores e Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O día 15 de setembro a Xerencia da EOXI de Lugo, Cervo, Monforte fixo pública a decisión de centralizar a asistencia sanitaria que se dá os sábados pola mañá no Concello de Lugo nun único centro de saúde da cidade, o de Fingoi, no que se centralizará todo o persoal dos centros de saúde de Lugo para dar asistencia a unha poboación que se achega aos 100.000 habitantes.

Esta decisión, adoptada de maneira unilateral pola dirección da EOXI, fará que nun mesmo espazo traballen, de maneira conxunta, as equipas completas de seis centros de saúde (Fingoi, Sagrado Corazón, A Milagrosa, Illas Canarias, Praza de Ferrol e San Roque). Ademais, a centralización da atención á poboación en Fingoi, obrigará a unha parte importante da poboación local a desprazarse até un barrio periférico para recibir asistencia, incluídas as parroquias do rural de Lugo.

CSM-REXISTRO/71-H6Htp9  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramitas/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 18/09/2020 10:29:24**  
**Nº Rexistro: 2153**  
Data envío: 18/09/2020 10:29:24.316

Así mesmo, a dirección da EOXI non negociou co persoal dos centros de saúde nin coas organizacións sindicais que o representan unha decisión que supón importantes mudanzas nas súas condicións de traballo.

Centralizar a atención sanitaria da poboación nun único centro de saúde é unha decisión que merma a calidade do servizo público, que debe garantir a proximidade, e supón un prexuízo para a veciñanza en calquera situación. Porén, aínda é máis cuestionábel nun contexto coma o actual marcado pola pandemia da COVID-19.

É evidente que nunha situación de emerxencia sanitaria na que de maneira acertada se teñen implantado importantes medidas de distanciamento físico e limitación de aforos, acumular persoal e pacientes nun único centro de saúde supón unha importante contradición que mesmo podería pór en risco ao persoal e ás persoas usuarias.

Neste senso, para o Bloque Nacionalista Galego resulta incomprensíbel e inaceptábel esta centralización que non é senón un chanzo máis no empeoramento da grave situación da Atención Primaria en Galiza que adoce de falta de recursos económicos, materiais e humanos.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a revocar a decisión de centralizar no centro de saúde de Fingoi a asistencia sanitaria os sábados pola mañá e a





BLOQUE NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galicia**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 18/09/2020 10:29:24**  
**Nº Rexistro: 2153**  
Data envío: 18/09/2020 10:29:24.316

recuperala nos distintos centros de saúde do Concello de Lugo garantindo unha atención próxima e accesíbel á veciñanza que atenden.”

Santiago de Compostela, 17 de setembro de 2020

Asdo.: **Daniel Castro García**

**Carmen Aira Díaz**

**Montserrat Prado Cores**

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

**Olalla Rodil Fernández**

Viceportavoz do G.P. do BNG


**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 18/09/2020 10:24:52**

**María del Carmen Aira Díaz na data 18/09/2020 10:25:08**

**María Montserrat Prado Cores na data 18/09/2020 10:25:26**

**Daniel Castro García na data 18/09/2020 10:25:35**



CSV REXISTRO V7HrKHP9  
Verificado  
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>